

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

Punto 2. Designación da Ponencia encargada da elaboración do Informe sobre o Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016).

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019

Punto 3. Preguntas

- 3.1 50764 (10/POC-007955)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación co traballo de planificación e impulso do corredor Atlántico de mercadorías
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019
- 3.2 51577 (10/POC-008013)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as obras iniciadas na serra do Oribio para a suposta construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019
- 3.3 51585 (10/POC-008014)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a posible utilización por parte do Goberno galego na actualidade de herbicidas con glifosato nas estradas do Baixo Miño, así como as súas previsións respecto do abandono do seu uso nos lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e para o ambiente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019
- 3.4 51654 (10/POC-008020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a data de remate e a solicitude da ampliación do prazo da concesión que posúe a Xunta de Galicia nos terreos de dominio público marítimo-

terrestre da Xunqueira de Alba, en Pontevedra, e as súas previsións respecto do traslado das instalacións a outra localización, así como a colaboración coas demais administracións para a recuperación deses terreos para o uso público

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019

Punto 4. Proposicións non de lei

49764 (10/PNC-004027)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa preocupación amosada polos traballadores do aeroporto de Santiago de Compostela respecto da segregación dos servizos de cafetería e cantina na licitación do servizo de restauración do aeroporto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Martín Fernández Prado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Designación da Ponencia encargada da elaboración do Informe sobre o Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016).

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 50764(10/POC-007955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación co
traballo de planificación e impulso do corredor Atlántico de
mercadorías

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Diego Calvo Pouso, Julia Rodriguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Como é sabido, desde o Goberno galego hai moito tempo que se vén traballando para o impulso e redefinición do Corredor Atlántico de Mercadorías, para que os territorios do Noroeste peninsular poidan ver incrementada a súa competitividade económica e a súa capacidade loxística.

Nesta liña, desde Galicia liderouse e buscáronse alianzas coas Comunidades Autónomas veciñas de Asturias e Castela e León ao obxecto de promover actuacións conxuntas e coordinadas para lograr formar parte da rede transeuropea de mercadorías, unha demanda na que se contou tamén co apoio dos axentes sociais, empresariais e institucionais dos tres territorios.

Agora, unha vez que este primeiro obxectivo se ten conseguido, e que as institucións europeas teñen aceptado esta demanda conxunta de Galicia, Asturias e Castela e León para a inclusión do Noroeste peninsular no Corredor Atlántico de Mercadorías, toca seguir avanzando para lograr que esta inclusión se traduza en investimentos necesarios para lograr unha auténtica modernización ferroviaria que converta a estas tres comunidades en territorios punteiros no transporte de mercadorías e na loxística.

Desde a Xunta de Galicia vense incidindo ante o Ministerio de Fomento na necesidade de que a incorporación ao Corredor Atlántico de Mercadorías se traduza nunha modernización real da nosa rede ferroviaria, especialmente para dotar aos principais portos galegos de conexións óptimas.

O interese de Galicia por lograr este obxectivo tamén foi trasladado aos representantes de Transportes da Unión Europea, na visita que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizou a Bruxelas no pasado mes de abril.

Nesa xuntanza, os responsables comunitarios confirmaron que para acceder aos fondos do mecanismo Conectar Europa é necesario dotarse dunha planificación completa de actuacións e desenvolver proxectos concretos, de calidade e competitivos,





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 12:34:23
Nº Rexistro: 50764
Data envío: 06/06/2019 12:34:23.307

como xa se vén insistindo desde a Xunta ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten que desenvolver este traballo.

Por todo o exposto, desde este grupo parlamentario formulamos a seguinte pregunta oral para a súa resposta **Comisión:**

-Que novidades ten o Goberno galego en relación ao traballo de planificación e impulso do Corredor Atlántico de Mercadorías?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 06/06/2019 12:31:25

Jaime Castiñeira Broz na data 06/06/2019 12:31:50

Jacobo Moreira Ferro na data 06/06/2019 12:32:08

Marta Novoa Iglesias na data 06/06/2019 12:32:19

Diego Calvo Pouso na data 06/06/2019 12:32:45

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/06/2019 12:33:09

Gonzalo Trenor López na data 06/06/2019 12:33:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/06/2019 12:33:33



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 51577(10/POC-008013)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as obras iniciadas na serra do Oribio para a suposta
construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de
Triacastela

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**:

A Serra do Oribio é un espazo incluído na Rede Natura 2000 de Galicia.

Segundo o Plan Director da Rede Natura e a Lei 8/2009, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, non é posible a instalación de aerogeneradores eólicos nestes espazos.

Nesa zona existe unha autorización para a construción dun parque eólico do ano 2009 coa aprobación definitiva do proxecto de incidencia supramunicipal, e outra autorización na RESOLUCIÓN de 13 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada LAT 132 kV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela, nos termos municipais de Samos e Triacastela (expediente 017/2005-AT).

A veciñanza e colectivos ecoloxistas veñen de denunciar obras no lugar que parecen pertencer ao parque eólico, aínda que puidesen ser tamén da Liña de evacuación de alta tensión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1) Non considera a Xunta de Galicia a necesidade de paralizar cautelarmente as obras iniciadas ata aclarar a legalidade destas?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 13:42:12
Nº Registro: 51577
Data envío: 14/06/2019 13:42:12.463



2) Considera posible, dende un punto de vista legal, a instalación de aeroxeneradores en Rede Natura 2000?

3) Si non é así, considera lóxico aprobar unha liña de evacuación para un parque eólico que se situará en Rede Natura?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/06/2019 13:38:06

Marcos Cal Ogando na data 14/06/2019 13:38:17

CSX: REXISTROU/CPJENNZ
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 51585(10/POC-008014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible utilización por parte do Goberno galego na actualidade de herbicidas con glifosato nas estradas do Baixo Miño, así como as súas previsións respecto do abandono do seu uso nos lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e para o ambiente

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 18:02:10
Nº Rexistro: 51585
Data envío: 14/06/2019 18:02:10.082

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No ano 2009, a UE aprobaba unha Directiva (do Parlamento Europeo) sobre uso de praguicidas e a saúde humana, directiva que logo o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, incorporou á lexislación española. O artigo 30 deste real decreto fai referencia á necesidade de dar prioridade aos produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático, para evitar así a contaminación das augas.

A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación polas fumigacións indiscriminadas e aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas).

Di a SGHN que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinogenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”. Recentemente, un Tribunal estadounidense dictou sentenza condenando á internacional “Monsanto” a pagar unha indemnización millonaria pola relación causa-efecto entre o uso do glifosato e a provocación de cancro. E, aínda que na UE a maioría dos países decidiron renovar a súa licenza de uso ata o ano 2022, houbo unha gran oposición interna a esta decisión e no pasado mes de marzo, o Tribunal de Xustiza da UE ordenou a publicación dos estudos sobre a perigosidade do herbicida.

Malia todos estes avisos recentes, nas estradas de titularidade autonómica do Baixo Miño a Xunta de Galicia segue a utilizar herbicidas con glifosato. En

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROEIR10KUD02
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 18:02:10
Nº Registro: 51585
Data envío: 14/06/2019 18:02:10.082

concreto, nestes días en San Xián (no Rosal), na estrada que vai de Vigo ata Tui pola costa, a PO-552 (ou GA552).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego dos últimos estudos da OMS sobre o glifosato?
2. Ten coñecemento o Goberno da recente xurisprudencia norteamericana sobre a relación causa-efecto entre o uso do glifosato e a provocación de cancro?
3. Ten coñecemento o Goberno dos estudos sobre a perigosidade deste herbicida publicados no seo da UE?
4. Está a utilizar o Goberno herbicidas con glifosato nas estradas do Baixo Miño?
5. Cando vai abandonar o Goberno da Xunta de Galicia o uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e substituílos por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e o medio ambiente?

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2019 17:50:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2019 18:01:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2019 18:02:10
Nº Rexistro: 51585
Data envío: 14/06/2019 18:02:10.082

María Luisa Pierres López na data 14/06/2019 18:01:44

CSV, REGISTRO ENTRADA
Verificación
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.4 51654(10/POC-008020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a data de remate e a solicitude da ampliación do prazo da concesión que posúe a Xunta de Galicia nos terreos de dominio público marítimo-terrestre da Xunqueira de Alba, en Pontevedra, e as súas previsións respecto do traslado das instalacións a outra localización, así como a colaboración coas demais administracións para a recuperación deses terreos para o uso público

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 11:21:12
Nº Rexistro: 51654
Data envío: 18/06/2019 11:21:12.826

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

1. Na Xunqueira de Lérez (tamén coñecida como Xunqueira de Alba) existen varios terreos en dominio público marítimo terrestre con concesións de Costas, con unha superficie aproximada de 17 hectáreas (171.000 m²), das que son beneficiarias varias administracións:

- A Deputación Provincial coa concesión dos terreos para a Imprenta Provincial e para o Parque de Maquinaria.
- A Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para naves de diversos servizos e almacén de maquinaria e vehículos.
- A Dirección Xeral de Costas con diversas dependencias en edificios situados á beira da Avenida de Domingo Fontán e terreos circundantes. Ademais, dispón dunha parcela na que antigamente existiu un campo de fútbol construído pola Deputación.
- A Dirección Xeral de Tráfico con edificacións e espazos colindantes para probas do carné de conducir.

CSM-REXISTRO069f8c7f16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 11:21:12
Nº Rexistro: 51654
Data envío: 18/06/2019 11:21:12.826

2. As administracións deben dar exemplo no relativo ao respecto ao medio ambiente e á recuperación de espazos de dominio público, seguindo o criterio de que non deben estar nesta ubicación as instalacións que non estean relacionadas co dominio público marítimo terrestre e que poidan trasladarse a outro emprazamento. A Xunta de Galiza, e nomeadamente a consellaría de medio ambiente deben predicar co exemplo, renunciando á ampliación do prazo de concesión e iniciando os trámites para trasladar os equipamentos e infraestruturas que actualmente se ubican na Xunqueira de Lérez. Cómpre ter en conta, ademais, que o espazo ocupado pola consellaría ten unha imaxe bastante deplorable, de maneira que presenta o aspecto dun vertedoiro de residuos, vehículos e maquinaria abandonada.

3. Por parte da Deputación anunciouse a intención de abandonar este emprazamento e trasladar as instalacións do parque de maquinaria e da imprenta a outra ubicación. Desde o BNG entendemos que as demais administracións deberían seguir o mesmo camiño, e que tanto a Dirección Xeral de Costas como o departamento de Medio Ambiente da Xunta deberían liderar este proceso.

4. Cómpre ter en conta que a Xunqueira de Alba conforma un Espazo Natural de Interese Local con 480.000 m² de extensión, declarado en 2012 pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galiza. E que os terreos ocupados polas citadas concesións, unha vez liberados das mesmas, permitirían crear unha gran zona verde arborada de grande interese desde o punto de vista ambiental e con potenciais usos recreativos e de lecer.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cando remata a concesión de terreos de dominio público das que desfruta a Xunta de Galiza na Xunqueira de Alba (Pontevedra).
2. Solicitou o goberno galego a ampliación do prazo de concesión? En caso afirmativo, por cantos anos?
3. Consideran que o goberno galego deber dar exemplo e instar a caducidade da concesión ao tempo que se promove o traslado a outro emprazamento?
4. Que previsións ten o goberno galego en canto ao traslado destas instalacións a outro emprazamento?
5. Considera a Xunta de Galiza que a imaxe que presentan os terreos que ocupa a consellaría de medio ambiente é positiva e constitúe un bo exemplo para a cidadanía?
6. Vai colaborar a Xunta de Galiza coas demais administracións e nomeadamente coa Dirección Xeral da Sostenibilidade da Costa e do Mar para a plena recuperación destes terreos para o uso público?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores



CSX: REXISTRO0q9f9q7j6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 11:21:12
Nº Rexistro: 51654
Data envío: 18/06/2019 11:21:12.826

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/06/2019 11:14:30

María Montserrat Prado Cores na data 18/06/2019 11:15:56

Noa Presas Bergantiños na data 18/06/2019 11:16:36

Olalla Rodil Fernández na data 18/06/2019 11:16:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/06/2019 11:16:52

Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2019 11:16:59

CSX4 REXISTROdeGalicia716
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

4. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

4.1 49764(10/PNC-004027)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa preocupación amosada polos traballadores do aeroporto de Santiago de Compostela respecto da segregación dos servizos de cafetería e cantina na licitación do servizo de restauración do aeroporto

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario de En Marea, O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a través dos seus Portavoces, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación territorial, Obras públicas, Medio ambiente e Servizos.

Exposición de motivos

O Comité Intercentros do Aeroporto Rosalía de Castro-Santiago de Compostela- Lavacolla, en representación dos traballadores e traballadoras da instalación, veñen amosando a súa preocupación pola cantina do aeroporto que, dende hai 64 anos e de maneira interrompida, leva dando servizo a preto dun millar de traballadores e traballadoras.

A entidade xestora dos aeroportos do Estado AENA, vai sacar a licitación o servizo de restauración do aeroporto de Compostela co que pretende segregar os servizos que se prestan hoxe en día. Por unha banda, coa licitación das tras cafeterías de uso público, que gozan de maior atractivo comercial para as empresas; e por outra banda, coa licitación separada do servizo de cantina.

O persoal do aeroporto ve con preocupación ditas licitacións xa que, polo acontecido noutros aeroportos do Estado como Tenerife Sur ou Sevilla, existe un risco real de que a licitación da cantina, por ser menos atractiva para as licitadoras, quede deserta, cos graves prexuízos e agravios que iso suporía para os traballadores e traballadoras do aeroporto.

A iso sumaríase a destrución dun mínimo de catro postos de traballo, correspondentes ás persoas que prestan o servizo na actualidade, así como a perda do poder adquisitivo do persoal do aeroporto ao verse obrigados a aboar o prezo existente para o público xeral. Esta situación é aínda máis prexudicial para aqueles traballadores e traballadoras máis precarizadas da instalación, que teñen ata dous ou tres postos de traballo diferentes nunha mesma xornada laboral:

Por todo o exposto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 10:06:48
Nº Registro: 49764
Data envío: 09/05/2019 10:06:48.482

1.- Esixir á dirección de AENA en Santiago de Compostela que reciba á representación sindical dos traballadores e traballadoras para que poidan trasladarlle as súas preocupacións.

2.- Solicitar de AENA que introduza nos pregos de licitación do novo servizo de restauración as cláusulas necesarias que garantan, en calquera caso, o mantemento dun servizo de comedor nas condicións vixentes previstas no prego da cantina.

3.- Apoiar as reivindicacións do Comité de Centros do aeroporto na reclamación relativa ao mantemento das condicións do servizo de comedor actualmente existente no aeroporto de Santiago para todos os traballadores e traballadoras.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/05/2019 11:58:02

Luis Villares Naveira na data 08/05/2019 12:09:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2019 12:11:16

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 10:04:21

CSX REGISTRO-4UJHGT6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

